



“Un libro está vivo cando o lector ten aínda máis preguntas e incertezas despois de lelo”

[Montse Dopico](#) 6 de outubro de 2015

<https://praza.gal/cultura/lun-libro-esta-vivo-cando-o-lector-ten-ainda-mais-preguntas-e-incertezas-despois-de-lelor>

Non souberamos máis de Iván García Campos desde que gañara o premio Blanco Amor no 2010 con *O imposible de desatar*. Mais volveu con *Cuestións vitais secretas*, (Galaxia), un libro de relatos no que volve estar presente a incerteza, a incomunicación, os conflitos non resoltos. O xeito no que a vida pasa mentres agardamos a que os problemas se solucionen. Ou no que nos movemos nun equilibrio precario a partir da nosa visión parcial da realidade. Os personaxes, como en ‘O imposible de desatar’, rebordan humanidade. Nun libro que olla o presente. O cotián.

A vida é dona de nós. Non temos o control sobre ela. É unha das ideas máis presentes en ‘Cuestións vitais secretas’. Por que?

Podería ser unha das ideas, si. Mais o que máis me interesaba salientar é que o coñecemento que temos da realidade é parcial, fragmentado. E a partir dese ínfimo coñecemento temos que tomar decisións. Con ese entendemento parcial, nada se resolve definitivamente. Vivimos na incerteza. E mentres agardamos que as cousas se resolvan, a vida vai pasando... Este é un libro que fala do presente. Hai moita literatura de ficción que fala do pasado ou do futuro.

Pero o que eu quixen foi pensar o presente e máis nun momento histórico tremendo como o que vivimos. Tamén quería falar desde a perspectiva das persoas, dos individuos. Non do grupo. Para min iso é o máis interesante para facer literatura, e non a intriga, a acción..., que tamén están nos relatos, pero creo que non é o obxectivo. Quero dicir, que tamén é importante ter o lector nesa incomodidade de que sabe que algo vai acontecer... En calquera caso, o que trato é de suxerir preguntas que, na maioría dos casos, non se resolven. Hai moitas omisións, porque a vida tamén é así. Cada persoa vive a súa vida e o resto son como actores secundarios e non sabemos nin de onde veñen nin onde van...

No teu anterior libro, *O imposible de desatar*, tamén estaba moi presente a familia. Cos seus conflitos, segredos, contradicións... e bastante violencia, soterrada ou non.

En *Cuestións vitais secretas* fálase moito das relacións dos pais cos fillos e dos fillos cos pais. E interésame especialmente unha cuestión, que é o xeito no que damos resposta a episodios críticos da nosa vida. Moitas veces arrastramos os conflitos en lugar de darlles unha resposta inmediata. Conflitos que unhas veces son violentos e outros non. É o mesmo que pasaba en *O imposible de desatar*: os conflitos non resoltos daban lugar á incomunicación, ao silencio. A unha relación con xente coa que convives que está baseada no silencio. Ese tipo de contradicións, a fragilidade dos vínculos persoais... están nos dous libros. Moitas veces dicimos unha cousa e facemos a contraria. E a literatura ten que facer aparecer o que está oculto... Porque o que parece máis incomprendible é moitas veces o que nos pode dar luz.

En *O imposible de desatar* xa tratabas o traballo: a alienación, a explotación..., que volven neste libro.

É que segue a ter forza esa idea herdada da cultura cristiá de que o traballo salva. Pero na realidade o traballo, agás excepcións, é case como un castigo. A vida xira arredor do traballo. E a procura do crecemento económico non leva a unha mellor calidade de vida, nin a máis democracia...

O medo tamén aparece moito. Á vida, á morte, ao abandono...

O medo e a dúbida. O que dicía antes: a incerteza. Porque o medo remata cando os procesos están finalizados, pero como iso case nunca acontece vivimos na incerteza. O libro xira arredor de todo iso, de suxerir preguntas. E eu creo que un libro está vivo cando o lector ten aínda máis preguntas e incertezas despois de lelo. Eu penso que a literatura é máis que entretemento, que debe servir para espertar e non para distraer. Tamén está ben que entreteña, pero eu adoito ler literatura da que fai que te fagas preguntas, e iso é o que quero ao escribir. Expresándoo da forma máis simple posible. Tratar a complexidade da vida a través da sinxeleza e pasalo a un texto de ficción.

O libro móvese, nese sentido, entre o determinismo e a liberdade. Hai esperanza?

Quero que sexa o lector o que decida. E confío na capacidade do lector para intuír. Moitas veces, o único que fago é describir feitos, que raramente interpreto. Simplemente conto o que vexo. En *O imposible de desatar* había un final aberto á esperanza de que os novos tipos de familia sexan máis abertos, teñan máis comunicación entre os membros... Mais o que facemos é vivir a nosa vida, e de cando en vez aparecen cousas que nos fan sentir esperanza. Non hai máis.

Di unha personaxe nun momento que nin nos decatamos cando nos volvemos tristes. Por que?

Ou que se cadra nalgún momento non nos decatamos de que fomos felices. Porque moitas veces non nos decatamos de que algo está a pasar ata que xa pasou. Por iso que dicía antes: porque non temos máis que unha visión parcial da realidade. E a literatura, para min, ten que explicar o drama sen drama. Ao final, os dous libros falan de cousas aparentemente banais para chegar a razoamentos máis complicados. Se hai drama, escribilo sen drama. Se hai comicidade, escribilo sen comicidade. Tratar de acadar o transcendente a través do intranscendente.

Nese sentido, o estilo é sinxelo e directo. A técnica narrativa é máis sinxela que en *O imposible de desatar*. Por que?

En *O imposible de desatar* había espazos entre as partes. Na última parte entraba na casa unha familia nova e o lector decatábase de que era a mesma casa con outros personaxes. E de armar o quebracabezas coas pezas que tiña. Neste novo libro a técnica é máis sinxela. Tamén porque

ao ser relatos tes que escoller máis. Ademais para min é moi importante o ritmo. Vou escribindo frase por frase e volvo atrás se non me cadra todo. É o que comentaba antes: penso que a literatura ten que contar de modo simple o que é complexo. Escribir é decidir. E decides todo o tempo.

Gañaras o Modesto Figueiredo con *Unha casa chea de xanelas*. Ten conexión cos outros dous libros?

Eu creo que non. O que rompeu o meu xeito de escribir foi *O imposible de desatar*. Poden parecer mesmo libros de autores diferentes. Pero eu non creo que a miña opinión sobre o que escribo sexa menos válida que a da calquera lector.

O xurado do Blanco Amor salientara a humanidade dos personaxes de *O imposible de desatar*. Aquí volve pasar o mesmo.

Eu doulle máis importancia á persoa que ao grupo, porque creo que no grupo a persoa acaba diluíndose e que todos temos moitas caras. Que todos nos comportamos de xeitos diferentes segundo o contexto. E iso leva a contradicións. Mais para min o importante é a humanidade. Distingo as persoas que teñen boa fe das que non. Se tes boa fe, para min xa o tes todo, con todos os teus defectos. Se es hipócrita, cínico... non tes nada.

O imposible de desatar era máis coral. E para min era moi curioso que para uns lectores fosen os malos os que para outros eran os bos. Para min, todos temos moita caras. Somos outros en espazos diferentes. Ademais, non por ser bo a vida vai tratarte mellor. Un dos personaxes di que a vida é nai, que é ela a que nos ensina. Os personaxes dos relatos enfróntase a situacións que, moitas veces, non merecen. Pero todos cremos que non merecemos o malo que nos pasa.

Falabas antes de que che interesaba a persoa e non o grupo. Ou de que a literatura debía facer emerxer o oculto. Son ideas moi presentes desde hai moito tempo no discurso literario, sociolóxico...

Interésame os individuos, as persoas concretas, e non o grupo. Sempre digo que o importante de alguén que escribe non é a súa vida, senón o que escribe. Pero as circunstancias persoais influen no que escribes. Eu traballo rehabilitando persoas que teñen enfermidades e lesións. Persoas que senten dor, medo, incertidume. Acompáñoas en todo o proceso e iso faime vivir cada día o valor das persoas. Pero insisto: a miña vida non ten importancia. Non me gusta falar de min. Hai editoras que utilizan o status profesional do escritor para promocionalo. Iso non me gusta. Que máis dá que sexas catedrático ou que non teñas carreira. Creo que o importante é o que escribas. Da mesma maneira que penso que como se coñece ás persoas é no cara a cara.

As ideas do éxito, da felicidade... tamén se cuestionan no libro.

Cando somos novos pensamos que a felicidade é que sexa todo perfecto. Ao medrar, decatámonos de que non é así. De que felicidade é estar co teu fillo, por exemplo. E de que a “felicidade” é unha entelequia. Como a “humanidade”. Non existe a humanidade. Só as persoas. O concepto da felicidade vai mudando ao longo da vida. A vida non acontece de modo ordenado, como nos contan. Non saen as cousas como as tiñamos planeadas. Mais a cuestión é como nos adaptamos. Porque, ata que punto temos o mando da nosa vida? Saber vivir a vida tamén é saber adaptarnos ao que nos vai traendo a vida.

En calquera caso, falas do cotián. Do que lle pode pasar a calquera.

Do que pasa hoxe. Porque o que fas no día a día é o que acabas levando ao que escribes. E eu non busco a acción, senón a reflexión. Ademais, na literatura ten unha importancia relativa o que contas con respecto a como o contas. Importa a maneira, o como, o que suxires...